

CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLIES



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE

AON
Empower Results®

HDI
AIG

DEPORTE
GALEGO
galicia
XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

PROBA: XVI RALI SUR DO CONDADO

PROVINCIA: PONTEVEDRA

DATA: 12, 13 e 14 de Xullo de 2019

INDICE

TITULO I.-

Programa Horario

TITULO II.-

1.- Organización

1.1.- Definición

1.2.- Comite Organizador

1.3.- Oficiais

MODALIDADES XERAIS

Artigo 2.- Puntuabilidade

Artigo 3.- Descrición

Artigo 4.- Vehículos admitidos

Artigo 5.- Concursantes admitidos

Artigo 6.- Solicitud de inscrición - Inscricións

Artigo 7.- Dereitos de inscrición - Seguros

OBRIGACIÓNS XERAIS

Artigo 8.- Publicidade

DESENROLO DA PROBA

Artigo 9.- Recoñecementos

Artigo 10.-Hora Oficial do Rallye

Artigo 11.-Penalizacións

Artigo 12.-Premios e trofeos

PROGRAMA REUNIONS COMISARIOS DEPORTIVOS

ANEXO I.- Licencias Válidas para a Tempada 2019 (Anuario F.G.A)

ANEXO II.- Libro de Rota (ROADBOOK) Standard

ANEXO III.- Terminoloxía

ANEXO IV.- Relacións cos concursantes

ANEXO V.- Organización xeral da seguridade

ANEXO VI.- Itinerario Horario

ANEXO VII.- Parques de pechados, de traballo e final de asistencia

ANEXO VIII.-Caravana Rallye

ANEXO IX.- Ouvreurs

ANEXO X.- Normas de recoñecemento Treito C Bodegas Marques de Vizhoja

ANEXO XI.- Sistema GPS durante o transcurso da competición e adestramentos

I.- PROGRAMA - HORARIO

DATA	HORARIO	PROGRAMA	LUGAR
4/06/2019	10:00	Apertura de inscricións (Pilotos Inscritos no Campionato Galego, e copas de promoción)	Escudería Surco R/ Marque de Viana 14 36450 Salvaterra de Miño Pontevedra TLF: 602245333 www.rallyesurdocondado.org
5/06/2019	10:00	Apertura de inscricións (Resto de Pilotos)	
2/07/2019	20:00	Peche de inscricións	
4/07/2019	20:00	Publicación lista de inscritos	www.rallyesurdocondado.org www.fga.es
6/07/2019 7/07/2019 11/07/2019	08:30 a 12:00	Distribución do libro de ruta e GPS Entregarase, só o día marcado para recoñecer	Cafetería LO QUE QUEDA DEL DIA Rua Castela, 10 Salvaterra de Miño
	09:00 a 21:00	Autorización para Recoñecementos	Nos treitos en función da data elixida
	22:00	Hora Limite de entrega de GPS de recoñecementos	Se comunicara en complemento
12/07/2019 Venres	16:00 a 17:00 17:01 a 18:00 18:01 a 19:00 19:01 a 20:00 20:01 a 21:00	Verificacións Administrativas Voluntarias Nº 01 a Nº41 Nº 42 a Nº81 Nº 82 a Nº121 Nº 122 a Nº161	Cafetería D&D Rua rosalia de Castro 64 Salvaterra de Miño
	16:30 a 17:30 17:31 a 18:30 18:31 a 19:30 19:31 a 20:30 20:31 a 21:30	Verificacións Técnicas e instalación GPS Voluntarias Nº 01 a Nº41 Nº 42 a Nº81 Nº 82 a Nº121 Nº 122 a Nº161	Nave de Autobuses Raul Polígono Industrial Chan da Ponte Salvaterra de Miño
	19:45 a 20:30	Firmas de Autografos	Parque Pechado Recinto Amurallado Salvaterra de Miño
	23:00	Hora límite presentación de Vehículos no parque pechado	
13/07/2019	0:00	Publicación de listas de autorizados a tomar a saída	www.fga.es
	07:00	Saída 1º participante 1ª Etapa 1ª Sección	Parque Pechado Recinto Amurallado
	09:42	Chegada 1º participante 1ª Etapa 1ª Sección	Parque Reagrupamento "Praza do Concello" Salceda de Caselas
	10:12	Saída 1º participante 1ª Etapa 2ª Sección	
	14:23	Chegada 1º participante 1ª Etapa 2ª Sección	Parque Reagrupamento "Praza do Consistorio" Arbo
	14:53	Saída 1º participante 1ª Etapa 3ª Sección	
	19:04	Chegada 1º participante 1ª Etapa 3ª Sección	Parque Reagrupamento "Praza do Concello" Salceda de Caselas
	19:34	Saída 1º participante 1ª Etapa 4ª Sección	
	22:07	Chegada 1º participante 1ª Etapa 4ª Sección	Parque Pechado "Praza da Constitución" Salvaterra de Miño
22:30	Verificacións final de Oficio	Talleres Mingos Casal S/N Salvaterra de Miño	
22:30	Publicación de Resultados	Taboleiro Oficial de Avisos	
14/07/2019	00:30	Reparto de premios e Trofeos	No Podium Parque Pechado Final

NO CASO DE CHEGAR TARDE ÁS VERIFICACIÓN, TANTO ADMINISTRATIVAS COMO TÉCNICAS, IMPORASE UNHA SANCIÓN DE 30€ POR CADA HORA OU FRACCIÓN.

Entrada de vehículos de asistencia a Parque de Tránsito dende as 13:00 do 12/07/2019 ata as 06:00 do 13/07/2019

Levantamento vehículos parque pechados: Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por eso, ao confirmar en firme a mesma, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos dos parques pechados,** sen ter que esperar ás entregas de premios.

NON SE RESERVAN SITIOS!!!

(1 coche de asistencia por vehículo participante como máximo)

TABOEIRO OFICIAL DE AVISOS

Dende o día 10 de Xuño de 2019 as 10:00 horas, ata o día 12 de Xullo de 2019 as 15:30 horas estará situado na Oficina Permanente do Rali, emprazada en:

ESCUDEIRÍA SURCO

Rua Marques de Viana, 14
36450 Salvaterra de Miño
Pontevedra
Tfno. 663997585

c-electronico: escuderiasurco@hotmail.com

Dende o día 12 de Xullo de 2019 as 15:30 horas, ata o día 14 de Xullo as 01:30 horas, na Oficina Permanente do Rallye, emprazada na Casa da Cultura, Rua Raiña Dona Urraca 12, e nos Parques Pechados sitos no Recinto Amurallado e posteriormente Praza da Constitución, Salvaterra de Miño.

2- ORGANIZACIÓN

Artigo 1.- Organización.

Artigo 1.1.- Definición.

A **Escudería Surco**, organiza o **XVI Rallye Sur do Condado**, que se desenvolverá dende o día 12 ó día 14 de Xullo do ano 2019.

Este Rallye disputarase de acordo co establecido nas Prescricións Comúns dos Campionatos e Copas de Galicia 2019, as Prescricións Comúns para Rallyes, o Regulamento Xeral, e o presente Regulamento Particular da Proba, no C.D.I. (e os seus anexos); as Prescricións Xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas FIA, e no seu caso, os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobado pola Federación Galega de Automobilismo o día 3 DE XUÑO DE 2019. A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-020-RA, e Coeficiente 8.

Artigo 1.2.- Comité de Organización:

Presidente:

D. Manuel Carballo Logo

Vocais:

D. Cándido Carrera Estévez

D. Javier Carrera Estévez

D. Iván J. Roldan Carral

D^a. Lorena González Outerelo

D. Marcos Fontán Ojea

D. Miguel Angel Maneiro Álvarez

D. Roberto González Gil

D. Sergio Fernández Francisco

D. Vicente Gallego Suárez

D. Sergi Rodríguez Estévez

D. Rodrigo Tielas Riveiro

D. Alvaro Fernández González

Secretario:

D. Bruno Trajano Rivera Pazos

Dirección da Secretaría do Comité Organizador :

Escudería Surco

ESCUDEIRÍA SURCO

Rua Marques de Viana, 14
36450 Salvaterra de Miño
Pontevedra
Tfno. 663997585

c-electronico: escuderiasurco@hotmail.com

Artigo 1.3.- Oficiais:

Presidente da Escudería	D. Manuel Carballo Logo	DC1-1812-GA
Comisarios Deportivos:		
<u>Presidente:</u>	D. Alvaro Fernández González	DC1ª-1025-GA
	Dª. Maite Vilanova López	DC1ª-1804-GA
	D. Victoriano González Boullosa	CD1ª-0017-GA
Observador da F.G. de A.:	D. Santiago González Boullosa	OBS-0040-GA
Director de Carreira	D. Mateo Varela Fernández	DC1ª-0288-GA
Comisarios Técnicos:		
Presidente:	D. Miguel Angel Pino González	JOC1ª-1500-GA
	D. Alberto Fernández Casal	OC- 1499-GA
Xefes de treito:		
Equipo A	D. Vicente Gallego Suárez	JDA-1808-GA
Equipo B	D. Sergio Fernández Francisco	JDA-1809-GA
Equipo C	D. Javier Blanco García	JDA-1895-GA
Xefes de Seguridade vial treitos:		
Equipo A	D. Javier Carrera Estévez	DC1ª-1810-GA
Equipo B	D. Sergi Rodríguez Estévez	DC1ª-1811-GA
Equipo C	D. Marcos Fontán Ojea	DC1ª-1813-GA
Responsable Equipos Cronometraxe:	D. Rodrigo Tielas Riveiro	JOB-1806-GA
Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":	D. Iván Álvarez Martínez	DC1ª-1814-GA
Vehículo "0" (DIRECTOR NA ESTRADA):		
Verde	D. Manuel Carballo Logo	DC1ª-1812-GA
Vehículo "00" (ESCOBA):		
Bermello	D. Iago Fernández González	CD1ª-0916-GA
Servicio Informático e publicación de tempos: Federación Galega de Automobilismo		
Médicos da Proba	Team Médical Galicia	
Centros Asistenciais:	Hospital Álvaro Cunqueiro, Hospital do Meixoeiro, Hospital Fatima e SOS Galicia	
Servicio de Ambulancias	Ambulancias Nordés	
Servicio de Grúas	Gruas Lalín.	

En cumprimento da nova normativa de expedición de licencias, o resto dos oficiais da proba comunicaranse no COMPLEMENTO 2. Antes da celebración da proba.

O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo "00" pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licencia CD1ª, expedida pola F.G.A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura da Proba.

3.- MODALIDADES XERAIS.

Artigo 2.- Puntuabilidade.

o **XVI Rallye Sur do Condado** é puntuable para os seguintes Campionatos e Trofeos:

- Copa de Galicia de Rallyes para pilotos (Agrupacións 1, 2, 3, 4 e 5)
- Copa de Galicia de Rallyes para copilotos (Agrupacións 1, 2, 3, 4 e 5)
- Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 1
- Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 2
- Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 3
- Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 4
- Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 5
- Copa de Galicia de Rallyes para Escuderías. (Agrupacións 1, 2, 3, 4 e 5)
- Copa de Galicia de Rallyes para marcas de pneumáticos. (Agrupacións 1, 2, 3, 4 e 5)
- 10ª Copa Top Ten Pirelli – Castrol 2019
- 14º Volante FGA Galicia. 3ª Promoción Xoven Piloto 2019 de Galicia (Beca PXP19)
- 10ª Copa Pirelli AMF Motor Sport 2019
- 1ª Copa Galicia Tecnoshock
- E as que designe a FGA

Artigo 3.- Descrición.

o **XVI Rali Sur do Condado** consta dun percorrido de **298.92Kms**, dos cales **82.48 Kms**; corresponden a 9 Treitos Cronometrados por estradas asfaltadas pechadas o tráfico; está dividido en **1 Etapas** e **4 Seccións**. O Itinerario-Horario figura no Anexo VI do presente Regulamento.

No Carné de Control e no Libro de Ruta constan detallados o percorrido, Etapas e Seccións, así como os Controis Horarios, Controis de Paso, Neutralizacións e Reagrupamentos.

O Rallye terá 4 Parques de Traballo.

Artigo 4.- Vehículos Admitidos.

En tódolos rallyes puntuables para o Campionato e Copas de Galicia serán admitidos os vehículos seguintes:

- Vehículos Grupo A ata 1600 cc. dacordo ó artigo 255 do Anexo J da FIA.
- Vehículos Grupo A dacordo ó artigo 255 e 255A (WRC 1.6) do Anexo J da FIA.
- Vehículos Grupo N dacordo ó artigo 254 do Anexo J da FIA.
- Vehículos S-2000 dacordo ó artigo 254A do Anexo J da FIA.
- Vehículos R1, R2, R3C, R3T, R3D, R4, R5, dacordo cos artigos 260, 260D e 261 do Anexo J da FIA.
- Admitiranse os vehículos do Grupo "X", "G", N5 (Maxi Rallye), e N6 (Maxi Rallye Galego).
- Os vehículos admitidos no Grupo H serán tódolos que pertenceron ó antigo "Anexo J", do ano 1981 inclusive. Os vehículos que sexan, posteriores, pero de interese para o automobilismo galego, terán que solicitala súa inclusión á Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo. Si foran admitidos seralle expedido o "pasaporte de histórico" correspondente.

Ningún vehículo poderá participar en ningún rallye sen o "pasaporte administrativo" (X, G, H, N5 e N6) expedido pola Federación Galega de Automobilismo.

AGR	GRUPO	REGULAMENTO	PESO MINIMO (Kg)	BRIDA MAX (mm)
1	WRC 2000 cc	Art. 255 Anexo J 2010 FIA	1230	34
	WRC 1.600 cc	Art. 255 Anexo J 2016 FIA	1200	33
	WRC 1.600 cc	Art. 255 Anexo J 2017 FIA	1175	36
	R5	Art. 261 Anexo J 2017 FIA	1230	32
	S2000 (1.6T) RRC	Art. 255A Anexo J 2013 FIA	1200	28
	S2000 (Atmosférico)	Art. 254A Anexo J 2013	1200	N/A
	R4	Art. 260 Anexo J FIA	1300	33
	A Gallego	Grupo "A" FGA	1300	34
	N1	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/ Ficha Homo.	34
	N5	RFEDA + Grupo "G" FGA	1230	34
	N6	Grupo "G" FGA	S/Regulamento	34
	Gr A + 2000 c.c. 4x4	Art. 255 Anexo J FIA 2017	1230	34
	Gr N + 2000 c.c. 4x4	Art. 254 Anexo J FIA 2017	S/Ficha Homo.	33
	Gr X + 2000 c.c. 2RM e 4x4	Grupo "X" FGA	S/Regulamento	34
	Porsche 997 GT3 Cup Rallye 2008	RFEDA + Grupo "G" FGA	1410	40,8
	Porsche 997 GT3 Cup Rallye 2010	RFEDA + Grupo "G" FGA	1440	41,2
	GT	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/Ficha Homo.	S/Ficha Homo.
	RGT	Art. 256 Anexo J FIA 2017	S/Ficha Homo.	S/Ficha Homo.
	Gr. G + 2000 C.C.	Grupo "G" FGA	S/Regulamento	34
2	R3T	Art. 260D Anexo J FIA	1080	29
	R3C	Art. 260 Anexo J FIA	1080	N/A
	S1600	Art. 255 Anexo J FIA	1000	N/A
	S1600 RFEDA	Art. 255 Anexo J	1000	N/A
	R2C	Art. 260 Anexo J FIA	1080	N/A
	N2	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/ Ficha Homo.	S. procedencia
	Gr. N (2RM)	Art. 254 Anexo J FIA 2017	S/Ficha Homo.	33
	Gr. A +1600/-2000 Kit Car	Art. 255 Anexo J FIA	S/Regulamento	N/A
	Gr. G - 2000 c.c. (2RM)	Grupo "G" FGA	S/Ficha Homo.	34
	Gr. X +1600/-2000 Kit Car	Grupo "X" FGA	S/Regulamento	N/A
3	R2B -1600 c.c.	Art. 260 Anexo J FIA	1030	N/A
	R3D	Art. 260 Anexo J FIA	1150	32
	N3	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/ Ficha Homo.	S. procedencia
	Gr A -1600 c.c.Kit Car	Art. 255 Anexo J FIA	S/Regulamento	N/A
	Gr.N +1600 - 2000 c.c. (2RM)	Art. 254 Anexo J FIA 2017	S/Regulamento	N/A
	Gr.X +1600 - 2000 c.c. (2RM)	Grupo "X" FGA	S/Regulamento	N/A
	Historicos + 1600 c.c. (2RM)	Anexo J FIA 1981 + FGA	S/Regulamento	N/A
4	Gr.N -1600 c.c.	Art. 254 Anexo J FIA 2017	S/Regulamento	N/A
	R1A / R1B -1600 c.c.	Art. 260 Anexo J FIA	980 / 1030	N/A
	Gr.X-1600 c.c.	Grupo "X" FGA	S/Regulamento	N/A
	Históricos -1600 (2RM)	Anexo J FIA 1981 + FGA	S/Regulamento	N/A
5	Todos os Grupos - 1000 C.C. agás Históricos	S/procedencia	S/ Ficha Homo.	

*Históricos ata o ano 1985 inclusive.

*Grupo X a partir do ano 1986 inclusive.

A tódolos efectos, considérase constituída unha clase coa saída dun só vehículo.

Artigo 5.- Concursantes admitidos.

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no anexo I, do Anuario Deportivo 2019, publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 6.- Solicitud de Inscripción - Inscripcións.

6.1.- Toda persoa que desexe participar no **XVI Rallye Sur do Condado**, deberá cumprimentar o formulario de Inscripción, nos enlaces postos nas web da Escudería Surco, www.rallyesurdocondado.org, ou ben da Federación Galega de Automobilismo, www.fga.es. O xustificante de pago terá que ser enviado ao correo da Escudería, escuderiasurco@hotmail.com

ANTES DAS 20 HORAS DO DÍA 2 de Xullo de 2019.

PARA FACER A INSCRICION: <https://forms.gle/P9DnqpJsfLvpgq2E9>

Os datos relativos ao copiloto poden ser modificados ata o día 02 de Xullo de 2019

6.2.- O número de inscritos fíxase nun máximo de **160** vehículos.

6.3.- Os dereitos de inscrición deberán ser satisfeitos da seguinte forma:

- Na conta corrente nº **ES52 2080 5608 4230 4000 0190** (ABANCA Of. de Salvaterra de Miño)

6.4.- Admitiranse Inscripcións condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.

6.5.- A orden de recepción da Solicitud de Inscripción, así como dos Dereitos de Inscripción, será o determinante para a confección da Lista de Inscritos. Non se considerará inscrito ningún equipo que incumpla total ou parcial o sinalado no artigo 6.

As Listas de Inscritos serán propostas polo Comité Organizador á FGA. O habilitado revisará e reorganizará as mesmas si fose necesario para axustalas potenciase capacitacións dos pilotos á Lista de Inscritos real e efectiva

Artigo 7.- Dereitos de Inscripción - Seguros

7.1.- Os Dereitos de Inscripción fíxanse en :

7.1.1.- **350 Euros** aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores, e **20 euros** do aluguer do **GPS obrigatorio** ascendendo a inscrición a un total de **370 euros**

7.1.2.- **700 Euros** refusando esta publicidade.

7.2.- A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos Dereitos de Inscripción.

7.3.- Os Dereitos de inscrición comprenden o Seguro garantindo a Responsabilidade Civil fronte a terceiros, de acordo coa Regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

4.- OBLIGACIÓNS XERAIS

Artigo 8.- Publicidade


A publicidade proposta polo Organizador será a seguinte:

Obrigatoria	- Nos Números de Competición:	Pirelli AMF
	- Nos Números de Competición:	Neumaticos Jose Luis
Facultativa	- Aletas Dianteiras:	Talleres Gumerjo
	- Aletas Traseiras :	Recambios del Campo

Os Concursantes que acepten a publicidade facultativa proposta polos organizadores deben reserva-los emprazamentos seguintes:

Un espazo de 30 x 20 nas aletas dianteiras e traseiras

A colocación dos Números e da Publicidade Facultativa, deberá facerse respectando o seguinte debuxo :



5.- DESENROLO DA PROBA

Artigo 9.- Recoñecementos

9.1.- Os recoñecementos Oficiais efectuaranse os días **6, 7 e 11** de **Xullo** de **2019**, segundo o criterio que establecerá o Comité Organizador, mediante Comunicado que se entregará a tódolos participantes.

9.2.- Os recoñecementos quedan limitados a un máximo de **TRES** pasadas por Treito Cronometrado.

9.2.1.- A primeira infracción será penalizada con **1 minutos** máis unha sanción económica de **300 €**, que terán que ser abonados a F.G.A., en base ós artigos 12.4.3, 12.5,12.6 e 12.7 do Código Deportivo Internacional, a criterio exclusivo do Colexio de Comisarios Deportivos. (729,754)

9.2.2.- A segunda infracción se penalizará con **“NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA”**, ratificada polo Colexio de Comisarios Deportivos, con traslado o T.G.A. (729,754)

9.2.3.- Por incorrer nunha infracción nos puntos 9.2.1 e 9.2.2 será obrigatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para apertura e incoación de Expediente Disciplinario no seu caso.

9.3.- Se unha Escudería fai un Treito Cronometrado, na mesma Tempada, non se poderá utilizar o mesmo Treito por outra Entidade Organizadora.

9.4.- Só se poderán efectuar os Recoñecementos dos Treitos Cronometrados un día por cada equipo participante (Piloto e Copiloto), a escoller de entre os tres días designados polo Comité Organizador, e que será solicitado por Fax polo participante ó Comité Organizador para que quede constancia, e así poder dividir 160 participantes nos tres días. Asimesmo, cada equipo (Piloto e Copiloto) terá que notificar ó Comité Organizador, a marca, modelo e matrícula do vehículo que utilizará para os citados recoñecementos.

9.5.- A velocidade máxima nos Treitos a recoñecer, será en función das limitacións / sinais que existan.

9.6.- Pola Federación Galega de Automobilismo notificárase ós Sub-Sectores da Garda Civil de Tráfico, para seguir un control rigoroso, e conforme ó Real Decreto 1428/2003 de 21 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenrolo do texto articulado da Lei sobre Tráfico, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990 de 2 de Marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adopta-las medidas federativas que no seu caso procedan.

9.7.- O Comité Organizador designará os Comisarios / Controladores, que informarán e fará parte dos incumprimentos ó Comité Organizador, con posterior traslado ó Colexio de Comisarios Deportivos da Proba.Os Comisarios/Controladores poderá ser calquera outro membro da organización que figure no regulamento.

Manuel Carballo Logo DC1ª-1812-GA

9.8.- A Federación Galega de Automobilismo designará outro Comisario / Controlador, cos mesmos poderes e atribucións que o do punto anterior.

9.9.- Entregaranse uns adhesivos transparentes e numerados (de cor Branco) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro (lado dereito superior no sentido da marcha), dos vehículos que fagan os recoñecementos autorizados. **A**

falla dela, transitando polo Treito, implicará a descalificación a tódolos efectos (con perda dos Dereitos de Inscripción) para a súa participación na proba, do equipo infractor.

9.10 Seguimento e control dos Recoñecementos con GPS:

Os recoñecementos serán controlados polo GPS e tódolos equipos portarán obrigatoriamente un dispositivo GPS da empresa ANUBE, facilitado pola organización, para o control dos recoñecementos, que rexistrará posición, hora e velocidade cada segundo, durante as xornadas de recoñecementos.

Os datos e información rexistrada por estes GPS da empresa ANUBE, serán considerados como os DATOS OFICIAIS na proba e consideraranse válidos sendo INAPELABLES.

9.10.1 O dispositivo GPS recollerase na entrega do libro de Ruta e deberán devolvelo o finalizar os recoñecementos, no lugar e hora estipulada pola organización.

9.10.2 A empresa provedora, contratada polo organizador, ou o propio organizador, entregará a cada equipo o GPS aceso, conxuntamente cun cargador de chisqueiro (se por autonomía fose necesario) e as instrucións do mesmo. Ademais, fará a montaxe do mesmo se houberse un espazo facilitado polo organizador para iso. En caso contrario dará as explicacións oportunas para a súa montaxe. No suposto que o participante non teña o vehículo de recoñecemento no momento da entrega, este será responsable da súa instalación e perfecto funcionamento.

9.10.3 Os aparellos receptores de GPS deberán estar fixados -por medio de Velcro- ao parabrisas dianteiro na súa parte interior e poderán ser precintados pola FGA ou polo organizador. Unha vez fixado ao parabrisas dianteiro, o dispositivo GPS, non se poderá quitar do interior do vehículo ata o final dos recoñecementos., BAIXO PENA DE SANCIÓN segundo o regulamento.

9.10.4 É obrigatorio que o GPS estea acendido durante todo o tempo de recoñecementos. En dispositivos con pouca autonomía, é conveniente que o GPS estea conectado constantemente ao chisqueiro do vehículo para garantir que non se apague en ningún momento.

9.10.5 O equipo será responsable en todo momento do bo funcionamento do GPS durante os recoñecementos. E no caso de que houbera algunha anomalía deberá comunicalo inmediatamente á organización do rallye. De non facelo poderá ser sancionado.

9.10.6 Os excesos de velocidade: Serán controlados e dase por válida as medicións dos GPS da empresa ANUBE. Os excesos detectados polo sistema GPS serán sancionados polos Comisarios Deportivos de acordo co establecido no regulamento particular.

9.10.7 Serán de aplicación as Penalizacións e Sancións, en virtude do estipulado no Regulamento particular da proba e Anuario da FGA 2019:

Infracción	Sanción
73.-Infracción ó Código de Circulación: 1ª infracción. (Art. do C.D.I.)	300€
74.- Infracción ó Código de Circulación: 2ª Infracción	5 MINUTOS
75.-Infracción ó Código de Circulación: 3ª Infracción	EXCLUSIÓN
729 Circular en sentido inverso ó da marcha nun treito cronometrado.	1ª Infracción: 1 minutos, ou cunha sanción económica de 300 Euros
754 Velocidade Máxima Permitida 80Km/h pero sempre dependendo artigo 9.5 do presente regulamento particular.	2ª Infracción : "NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA"
754 Os recoñecementos en rallyes quedan limitados a un máximo de tres pasadas por treito.	3ª Infracción: Traslado ó Tribunal Galego de Apelación
Non levar o GPS dentro do vehículo segundo artigo 9.10.3	"NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA"
Detectar un GPS apagado durante os recoñecementos do equipo.	"NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA"
Non entregar o GPS ó finalizar os recoñecementos	"NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA" Mais sanción económica de 1.000 € a pagar ao Organizador
Entregar en mal estado o GPS	Sanción económica de 1.000 € a pagar ao Organizador.

9.10.8 A finalización de cada xornada de recoñecementos, elaborárase un informe das infraccións cometidas, que se lle dará traslado o Colexio de Comisarios Deportivos da proba para que actúen en consecuencia

Artigo 10.- Hora Oficial do Rallye.

Durante o transcurso do Rallye, a hora oficial será a emitida polo **Cronómetros da F.G. de A..**

Artigo 11.- Penalizacións.

As penalizacións son as previstas no Regulamento -Tipo Xeral de Rallyes da Federación Galega de Automobilismo, publicado no Anuario 2019.

Artigo 12.- Premios

Os premios e Trofeos que se entregarán serán aos 6 primeiros da Xeral (Piloto e Copiloto) e ó primeiro de cada clase (Piloto e Copiloto) da seguinte forma:

CLASIFICACIÓN XERAL SCRATCH		Agrupación (1 a 5)	
1º	1.800,00 € uros e Trofeo	1º	250,00 €uros e Trofeo
2º	1.350,00 € uros e Trofeo	2º	130,00 €uros
3º	1.000,00 € uros e Trofeo	3º	100,00 €uros
4º	750,00 €uros e Trofeo		
5º	600,00 €uros e Trofeo		
6º	500,00 €uros e Trofeo		

Reparto de Premios e Trofeos para Coeficiente 8

Resumen total de premios: 8.400€

Don Manuel Carballo Logo, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, có número CD1ª-1812-GA, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da Proba á Federación Galega de Automobilismo.

En Salvaterra de Miño , a 3 de Xuño de 2019

Asdo .- D. Mateo Varela Fernández

Entidade : Escudería Surco

Director da Proba

C.I.F. : G-36.395.788

N.I.F.- 78.799.510 S

Asdo. (Presidente) .- D. Manuel Carballo Logo

Lic. Nº: DC1ª-0288-GA

Lic. Nº: CD1-1812-GA

PROGRAMA - HORARIO DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS

REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
1ª	12 de Xullo de 2019	20:10	CASA DA CULTURA
2ª		23:00	Rúa Raiña Dona Urraca
3ª	13 de Xullo de 2019	22:00	Salvaterra de Miño

ANEXO I

RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIÓNS E RUTAS:

1.- Por acordo Asembleario é normativa de obrigado cumprimento para os Campionatos e Copas de Galicia de Automobilismo, na tempada do 2019 e seguintes: Unicamente se poderá participar/puntuar coa Licencia Autonómica Única, expedidas polas Federacións Autonómicas de Automobilismo.

2.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licencia da F.G.A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da “Federación Galega de Automobilismo”, a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á “Federación Galega de Automobilismo” para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.

3.- Para garantir a responsabilidade a que houbere lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionarnos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delega aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2019, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentracións, Rallyes 2ª Categoría, Slalom, e outros eventos:

A.- Para cumprimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licencia do membro que faga as labores de asistencia.

B.- O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante.

C.- Todo participante que non sinale na folla de inscrición o nome, apelidos, e licencia da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas, nos Campionatos antes mencionados, coa non autorización a tomala saída.

4.- Tódolos Campionatos, Copas de Galicia, e Fórmulas de Promoción, a partir da tempada 2019, inclusive, serán considerados “OPEN”.

ACORDO XUNTA DIRECTIVA COMISIÓN DELEGADA ASEMBLEA

Que na reunión extraordinaria da “Xunta Directiva/Comisión Delegada da Federación Galega de Automobilismo” adoptáronse os seguintes acordos por unanimidade:

1 Ratifícanse no acordo adoptado polos 17 presidentes de Federacións Autonómicas de automobilismo, adoptado na sede do C.S.D. na mañan do pasado 12 de Outubro de 2015.

2 Ratifícanse no acordo de asemblea da R.F.E. de A., celebrada no salón de actos do C.S.D., na tarde do 12 de Outubro de 2015, sobre o prezo unificado e igual que terá que imperar en tódalas expedicións da “Licencia Autonómica Única” polas 17 Federacións Autonómicas.

3 Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da “Federación Galega de Automobilismo”, adoptouse de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na temporada 2019, sexan considerados “Open”. Asimesmo dito organismo acordou establecer unha inscrición obrigatoria os Campionatos para todos aqueles equipos e deportistas que ostenten licencia federativa expedida por calquera **Federación Autonómica que incumprira o acordo adoptado do prezo unitario das licencias, acordado e asinado, o pasado 12 de outubro de 2015 no C.S.D.**

4.- O prezo de inscrición, para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo 2019, dos titulares de licencias expedidas polas Federacións Autonómicas que non cumbran o acordo de unificación do prezo de licencias establécese en 190 euros.

5.- As licencias estatais da veciña Portugal serán validas para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo sen ningún tipo de restrición.

6.- Dito acordo será incluído no Anexo I do Anuario federativo, da “Federación Galega de Automobilismo” 2019, e será comunicado a tódalas Federacións Autonómicas de Automobilismo do Estado español.

7.- Con esta medida preténdese evitar e corraxir a competencia desleal do incumprimento que puidera derivarse do acordo de prezos de licencias distintos ou inferiores do adoptado no acordo unánime dos presidentes de Federacións Autonómicas e Estatal.

8 É tamén de obrigado cumprimento, para a expedición de calquera tipo de “Licencia Autonómica Única”, **a aportación da copia do D.N.I., ou Certificado de Empadramento, que acredite a vecindad civil aos exclusivos efectos da expedición de licencia pola Federación Autonómica correspondente.**

9.- A Federación Autonómica que expida licencias a deportistas, oficiais, etc, non residentes no seu territorio será obxecto de denuncia, pola “Federación Galega de Automobilismo”, en tutela dos seus intereses e dereitos.

10.- Asimesmo, e como se puxo de manifesto na Asemblea da “Real Federación Española de Automobilismo”, non serán expedidas nen admitidas, nen forman parte da regulamentación deportiva da “Federación Galega de Automobilismo”, as licencias (ER, COR, PPP, PPC, JOM, PPK), que non serán expedidas, nen poden ser aceptadas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia, posto que, tratándose de Licencias que outorgan dereitos restrinxidos a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a súa integración plena na “Federación Galega de Automobilismo”, incumpren o disposto na Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia.

A mencionada Lei 3/2012 establece no seu Artigo 28, en canto a expedición e contido das licencias, no seu apartado terceiro, que no caso das licencias federativas, estas outorgaran ó seu titular a condición de membro da correspondente Federación deportiva galega, que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións, e acredita a súa integración na Federación deportiva correspondente, con dereito a voto, e ser elixible, nos procesos electorais da “Federación Galega de Automobilismo”.

As licencias que esta Federación non pode expedir, por aplicación legal, impiden que os seus titulares se integren, con plenos dereitos, na “Federación Galega de Automobilismo”

ANEXO II

LIBRO DE RUTA (ROAD-BOOK) STANDARD

CONDICIONS OBRIGATORIAS

- 1.- O sentido de lectura será de arriba cara abaixo.
- 2.- A unión das follas efectuarase con unha espiral plástica ou metálica que permita una apertura de 360° e sexa resistente a numerosas manipulacións.
- 3.- Ao principio do libro de ruta deberá figurar unha páxina explicativa cos símbolos utilizados (alo menos en dous idiomas en probas internacionais).
- 4.- Indicarase unha referencia para calibrar o conta quilómetros.
- 5.- Na parte superior ou inferior de cada páxina deberá figurar o número da etapa, sección e sector, o tempo impartido, o quilometraxe e eventualmente os controles de paso.
- 6.- Cada páxina será numerada. A numeración será progresiva nun mesmo exemplar.
- 7.- Cada información será numerada e separada da seguinte por unha liña horizontal, volvendo a cero a numeración despois de cada control horario.
- 8.- As informacións moi próximas, é dicir, con distancia inferior a 200 m, non serán separadas entre si.
- 9.- Toda información que non poida ser facilmente identificable dende a estrada deberá aparecer entre parénteses.
- 10.- Para cada control horario, control de paso, saída e chegada dos treitos cronometrados, reproduciranse os signos normalizados pola F.I.A. e indicarse con precisión a localización dos controles.
- 11.- As sinais de tráfico reproducidas deberán corresponder o seu emprazamento exacto sobre la ruta.
- 12.- Os principais paneis de cambio de dirección que existan na ruta, deberán aparecer escuadrados, e si hai un cambio de dirección, coa frecha sinalando a dirección real.
- 13.- A localización dos diferentes controles deberá ser indicada con precisión.
- 14.- Cada sector comezará nunha páxina nova.
- 15.- Os treitos cronometrados deberán resaltar do resto do texto (por exemplo cun recadro).
- 16.- En cada debuxo, o punto de orixe situarase na parte inferior.
- 17.- Os paneis de dirección que non correspondan á ruta a seguir, pero que sirvan de referencia, deberán aparecer tachados.
- 18.- Sinalaranse os lugares que precisen dunha atención particular con un, dous ou tres signos de exclamación.
- 19.- A presentación de cada páxina deberá ser suficientemente ampla.
- 20.- Autorízase un máximo de seis debuxos por páxina.
- 21.- As indicacións deberán ser facilmente lexibles (tendo en conta que poderán ser utilizadas pola noite dentro dun vehículo en marcha).
- 22.- No Road-Book, os puntos de seguridade deberán estar sinalados polo seguinte signo:












- 23.- A saída e a meta deberá estar sinalada con latitude e lonxitude

SUXERENCIAS:

- 1.- Indica-la velocidade media dos Treitos de Enlace.
- 2.- Indicar nos treitos cronometrados o mellor tempo realizado en edicións precedentes do Rallye.
- 3.- Facer figurar os puntos de referencia ben diferenciados (exemplo panel de entrada a un casco urbano).
- 4.- Sinalar os cambios de piso (de asfalto a terra, de terra a asfalto) por un dobre trazo de liña vertical. Tódolos puntos que non se describen, se deixan a liberdade do Organizador.

MODELO DE FOLLA DE LIBRO DE RUTA (ROAD-BOOK)

30 RALLIYE NARÓN					Distancia	Tempo Ideal	Media
					2,120 Kms	10 Minutos	12,72 Kms/h
Páx.	SECCIÓN	1	de C.H.S.	TC1	Récord Trallo Cronometrado		
25	SECTOR	2	a C.H.LL.	2A	Este Trallo Cronometrado disputase por primeira vez		
DISTANCIA		DIRECCIÓN		INFORMACIÓN			Distancia Próximo C. H.
TOTAL	PARCIAL						
0,000 Kms	0,000 Kms			 TC1		SAÍDA - TC S	2,120 Kms
		1	1,140	R/Mº Casares	43º 29' 47" N - 8º 11' 39" O		
0,080 Kms	0,080 Kms			!!!	CHICANE		2,040 Kms
		2	1,060	R/Mº Casares	43º 29' 45" N - 8º 11' 42" O		
0,150 Kms	0,070 Kms						1,970 Kms
		3	0,990	R/Mº Casares	43º 29' 55" N - 8º 11' 44" O		
0,180 Kms	0,030 Kms			!!!	Acceso a parking por sinal de dirección prohibida		1,940 Kms
		4	0,960	Parking Pazos	43º 29' 45" N - 8º 11' 46" O		
0,220 Kms	0,040 Kms			!!!	CHICANE		1,900 Kms
		5	0,920	Parking Pazos	43º 29' 44" N - 8º 11' 46" O		

ANEXO III

TERMINOLOXÍA

<u>Sector de enlace</u>	Itinerario comprendido entre dous controles horarios sucesivos.
<u>Sección</u>	Conxunto de sectores de enlace comprendidos: <ul style="list-style-type: none">- entre a saída dunha Etapa e o primeiro reagrupamento.- entre dous reagrupamentos sucesivos.- entre o último reagrupamento e a chegada dunha etapa do Rallye.
<u>Etapa</u>	Cada unha das partes do Rallye separadas por unha parada de polo menos oito horas, ou por unha parada polo menos igual á duración do recorrido efectuado, si este e inferior a sete horas.
<u>Neutralización</u>	Tempo durante o cal os equipos son parados pola organización, por calquera razón.
<u>Reagrupamento</u>	Detención prevista pola organización para permitir por unha parte a volta ao horario teórico, e por outra parte reagrupar os equipos que quedan en carreira. Os tempos de detención poden ser diferentes para os equipos.
<u>Parque Pechado</u>	Zona na que ningunha reparación nin intervención e posible, salvo nos casos expresamente previstos polos Regulamentos dos Campionatos Internacionais e polo Regulamento particular da proba.
<u>Complemento</u>	Boletín Oficial que forma parte integrante do regulamento particular da proba e está destinado a modificar, precisar ou completar a este último. Os Complementos son publicados pola organización, ata o día das verificacións. Deben ser sometidos a aprobación pola F.G.A., salvo no que respecta a eventuais modificacións do itinerario. Os Complementos deben estar numerados e fechados. Os Concursantes ou Membros dos equipos deben acusar recibo mediante firma.
<u>Carné de Control</u>	Carné destinado a recoller os visados dos diferentes controles establecidos no itinerario. Este Carné debe ter unha páxina por sector. Debe preverse un Carné de control distinto para cada unha das seccións.
<u>Treito cronometrado</u>	Proba de velocidade en estrada, pechada ao tráfico normal.

ANEXO IV

ENCARGADO DAS RELACIONS COS CONCURSANTES

MISIONS PRINCIPAIS

Informar a os concursantes e estar con eles en permanente contacto.

Este cargo terá que ser ocupado obrigatoriamente por un oficial posuidor de licenza expedida pola Federación Galega de Automobilismo, pois implica un perfecto coñecemento da regulamentación xeral. Poderá asistir as reunións do Colexio de Comisarios Deportivos a fin de poder estar informado de tódalas decisións tomadas.

A persoa nomeada para as Relacións cos Concursantes debe estar claramente identificada para os pilotos, por iso e conveniente:

- 1) Que leve unha identificación rechamante.
- 2) Ser presentado a os concursantes durante un briefing.
- 3) Incluír a súa fotografía e o seu número de teléfono no Regulamento particular, ou nun Complemento.
- 4) Poderá ser auxiliado por un adxunto.

PRESENCIA DO MESMO DURANTE O DESENROLO DA PROBA

O Secretario do meeting, ao abrir a secretaría da proba, debe facer un planning dos lugares nos que estará presente o encargado das relacións cos concursantes, planning que se colocará no taboleiro oficial da proba, e no que se indicará a súa presenza obrigatoria en:

- As Verificacións Administrativas
- As Verificacións Técnicas
- A Secretaría do meeting
- A Saída da proba
- Os Parques de Reagrupamento
- Os Parques de fin de etapa
- A proximidade do Parque Pechado cando a chegada do Rallye (na medida das súas posibilidades, dependendo do horario do Rallye).

Función

- Dar a os que o soliciten, respostas precisas as cuestións que se expoñan.
- Dar todas las informacións ou calquera precisión complementaria relativa á regulamentación e ao desenrolo da proba.

Finalidade

Evitar que as demandas cheguen ata o Colexio de Comisarios Deportivos, sempre que se poidan dar explicacións correctas e solicitudes satisfactorias para evitar as reclamacións (ex. Precisa-las dubidas dos tempos efectuados polos concursantes coa axuda dos cronometradores).

O encargado das relacións cos concursantes, absterase de utilizar palabras ou dar opinións que poidan suscitar polémica.

ANEXO V

1) ORGANIZACION XERAL DA SEGURIDADE

a) Plan de Seguridade:

Debe realizarse un Plan de Seguridade que conteña:

O lugar de localización da Dirección de Carreira.

O nome dos diferentes responsables:

- Director de Carreira.
- Directores de Carreira Adxuntos.
- Coordinador Médico.
- Xefe de Seguridade.
- Responsables de Seguridade (en cada treito cronometrado).

Os directores dos diferentes servizos de seguridade:

- Garda Civil.
- Hospital.
- Servizo Médico de Urgencia.
- Bombeiros.
- Servizos de guindastres.
- Cruz Roxa.

Itinerario completo con detalle dos sectores de enlace.

Planes de seguridade de todos os treitos cronometrados.

b) Xefe de Seguridade Viaria

No Regulamento particular do Rallye nomearase un Xefe de Seguridade Viaria, que formará parte do Comité de Organización e participará na realización do plan de seguridade.

Durante o Rallye estará en permanente contacto coa Dirección de Carreira, o Coordinador Médico e a saída dos treitos cronometrados (por teléfono ou por radio).

Estará encargado da aplicación do Plan de Seguridade e estará asistido en cada treito cronometrado por un Responsable de Seguridade que deberá efectuar a inspección da súa proba e certificar a súa conformidade có Plan de Seguridade.

c) Control

O control do funcionamento das disposicións de seguridade obrigatorias estará baixo a responsabilidade do Director de Carreira.

2) SEGURIDAD NOS TREITOS CRONOMETRADOS

a) Servizos de asistencia

Na saída de cada treito cronometrado:

- 1 médico (preferentemente reanimador).
- 2 ambulancias equipada.
- 1 equipo de socorristas.
- 2 guindastres.
- 1 servizo de bombeiros.

Nun punto intermedio para as probas de máis de 12 km.:

- 1 médico.
- 1 ambulancia equipada.
- 1 equipo de socorristas.

De acordo co perigo, estes mínimos incrementaranse :

- récord do treito entre 100 e 110 km/h, o dobre do mínimo de ambulancias.
- récord do treito superior a 110 km/h, o dobre do mínimo de ambulancias máis un médico reanimador.

Caso de non dispoñer do récord do treito, a Organización deberá dispoñer os medios para cubrir calquera posible emerxencia. Así mesmo deberá funcionar un sistema de comunicación de forma que a Organización poida informarse con rapidez e actuar con eficacia ante calquera posible incidente ou accidente.

b) Medidas preventivas

Sinalización:

As estradas e camiños de acceso aos treitos cronometrados deberán estar pechados á circulación.

Intervención:

Sobre o percorrido estableceranse postos de Comisarios con obxecto de:

- Facer respectar os lugares prohibidos aos espectadores, coa axuda de carteis, cintas, pitos e altofalantes.
- Sempre que sexa posible, advertir aos equipos por medio de bandeiras amarelas.

Información:

Unha información destinada principalmente ao público realizarase por distintos medios:

- Periódicos, revistas, radio e televisión.
- Taboleiros con avisos.
- Distribución de folletos.
- Paso polo percorrido dun vehículo equipado con altofalantes que permitan informar ao público (de 45 minutos a 1 hora antes da saída do 1er. vehículo).

c) Vixilancia

Os vehículos da Organización (vehículos de seguridade) deberán levar un cartel de 36 cm. x 50 cm. sobre o capó dianteiro e sobre as dúas portas dianteiras, no que apareza a palabra SEGURIDADE cun número 0 (Peche dos Treitos) ou 00 (Apertura dos Treitos). O vehículo escoba de fin de Rallye deberá levar un cartel das mesmas dimensións sobre o que figurará unha bandeira a cadros ou no seu defecto, levar una bandeira a cadros. Como mínimo haberá dous vehículos de seguridade dos que, polo menos, un será conducido por un piloto con gran experiencia en Rallyes, o que, poderá dar toda a información que sexa precisa e si e necesario, avisar ao Director de Carreira de calquera incidente. Unha rede de radio (con unha implantación polo menos cada 3 Kms.), específica para cada treito cronometrado, permitirá o seguimento dos vehículos e a vixilancia do desenrolo do Rallye.

d) Evacuación

Debe preverse un itinerario de evacuación para cada treito cronometrado.

Os servizos de urxencia dos hospitais deben estar en estado de alerta.

3) SEGURIDADE NOS SECTORES DE ENLACE

O itinerario-horario deberá ter en conta as dificultades de circulación e a travesía de poboacións e cidades.

O condutor e o copiloto deberán levar:

- casco homologado en tódolos treitos cronometrados.
- roupa ignífuga homologada.
- cinto de seguridade en todo o percorrido da proba.

4) SERVIZO DE GUINDASTRES

- O servizo de guindastres será para retirar os vehículos participantes hasta fóra do treito de velocidade (saída ou meta a criterio do xefe de treito, soamente se fose posible e non tendo obriga de facelo), correndo por conta do participante calquera ampliación do servizo prestado que deberá negociar co responsable do guindastre, se fose posible.

- Só se retirarán os vehículos accidentados ou avariados unha vez rematada a derradeira pasada polo treito de velocidade. No caso de que algún vehículo accidentado ou avariado impida o paso polo treito de velocidade entre as pasadas do mesmo, a criterio do xefe de treito, será retirado polo guindastre ata o lugar mais próximo onde non interrompa o paso, sendo retirado definitivamente ao remate da derradeira pasada.

-A organización non ten a obriga de dispor dun guindastre con pluma, para realizar o rescate dos vehículos que queden fora da calzada. Así mesmo terá a disposición dos participantes ,o teléfono dalgún guindastre con pluma próximo o treito, por se algún participante o precisase.

ANEXO VII

PARQUES PECHADOS E DE TRABALLO (ASISTENCIAS)

Horario de entrada dos camións e furgonetas de asistencia

Venres 12/07/2019 de 13:00 ate as 06:00 do Sábado 13/07/2019

Artigo 12.- PARQUE PECHADO E PARQUES DE TRABALLO.

12.1.- Será o lugar previsto no Regulamento Particular, ó que o Concursante estará obrigado a conducir o seu/s vehículo/s

12.2.- No interior do Parque Pechado, onde non poderán entrar máis que ós Oficiais da proba e os destinados á vixilancia, quedará prohibida calquera comprobación ou reparación, salvo se o autorizaran os Comisarios Deportivos ou Técnicos.

12.3.- O Regulamento Particular da proba precisará o lugar no que se instalará o Parque Pechado e os lugares dos Parques de Traballo, (con marcaxe obrigatorio das rodas) así como a hora límite de entrada.

12.4.- O Parque Pechado, e os Parques de Traballo contarán cas dimensións adecuadas e estarán correctamente valados para que nel non poidan acceder persoas non autorizadas.

12.5.- Os Parques Pechados e os de Traballo serán controlados por oficiais colexiados designados polo Organizador, que serán os responsables do seu bo funcionamento.

12.6. Parques de Traballo

12.6.1 Os organizadores terán que designar obrigatoriamente parques de traballo, nos seus regulamentos particulares, e terán que prohibir tódalas asistencias nos inter treitos. Os organizadores tomarán as medidas necesarias que controlen especialmente este punto. Dando traslado ao Colexio de Deportivos para valorar e sancionar aos infractores.

12.6.2. A hora límite de entrada ao P.T. dos vehículos autorizados será ao menos dende as 13:00 horas do venres do comezo do rallye ata unha hora antes da hora teórica de entrada do primeiro participante o P.T.; quedando ó criterio dos organizadores o poder modificar dita hora límite.

12.6.3. Os P.T. deben estar emprazados en espazos asfaltados, e suficientemente amplos para garantir a seguridade dos equipos e do público, debendo dispor dun espazo adecuado para cada vehículo. Recoméndase prever a circulación en carrís dun só sentido, nos que recoméndase que esté limitado ou controlado o paso do público, tamén o tránsito do público non poderá interferir na cronometraxe nos controles de entrada e saída do parque.

12.6.4. Os P.T. deberán estar indicados no itinerario-horario do rallye cun C.H. de entrada e outro C.H. de saída (as distancia de 25 m na sinalización de controis, quedan reducidas a 5 m como mínimo).

12.6.5. Se o Organizador prevé un Reagrupamento e un P.T. seguidos, o orde deberá ser: 1º o Reagrupamento e 2º o P.T.

12.6.6. Os P.T. deberán dispor dos sistemas de extinción adecuados. Debendo ter un mínimo de 3 extintores no parque e un vehículo contra incendios, si se realizase nun recinto feiral, servirá co sistema contra incendios instalado no recinto e a organización debe dispor dunha copia do plan de actuación de dito recinto feiral.

12.6.7. Nos P.T. deberán prever obrigatoriamente servizos de WC. e contedores suficientes para o lixo que xeneren os equipos.

Así mesmo serán válidos os servizos dun Centro Comercial ou cafetería próximos o P.T., non estando este excesivamente lonxe do parque.

12.6.8. Os P.T. deberán establecerse de acordo cos seguintes criterios:

a) Nº de Treitos Cronometrados entre P.T. serán como mínimo 2 e un máximo 3

b) Serán un número máximo de 6, o 1º terá unha duración de 15 minutos antes do 1º treito cronometrado, e o resto terán unha duración de entre 20 e 40 minutos, agás o programado inmediatamente despois do reagrupamento largo do mediodía que terá unha duración de 1 hora 50 minutos. Os pneumáticos só se poderán cambiar nos parques de traballo exclusivamente, **prohibindo so pena de EXCLUSIÓN portar dous pneumáticos de reposto no vehículo.**

c) O emprazamento dos P.T. debe ser único, salvo autorización expresa da F.G.A.

d) Entre os parques de asistencia onde existan treitos cronometrados non se poderán superalos 150 km. de percorrido total.

12.6.9. A velocidade máxima dos vehículos que circulen polo P.T. **nunca será superior a 30km/h será controlada polo sistema GPS** instalado no vehículo de competición e sancionada. quedando tamén prohibido calquera tipo de manobra que non sexa a propia da circulación normal. O incumprimento deste apartado será sancionado; a primeira infracción cunha **penalización de 1**

minuto e dependendo da gravidade da infracción poderá ser motivo de **EXCLUSIÓN** da proba a criterio dos Comisarios Deportivos.

12.6.10. O espazo para asistencia por participante deixase a criterio do Organizador en función do tamaño do P.T.

12.6.11. O Organizador deberá coordinar cos responsables dunha Copa de promoción. a ubicación no P.T. dos vehículos participantes nas mesmas.

12.6.12. Recomendase o Organizador elaborar un plano de ubicación do P.T., así como o lugar asignado a cada vehículo. Para ilo os equipos deberan indicar se comparten asistencia e deberan ser comprobado este dato durante as verificacións administrativas.

12.6.13. Os equipos deberán deixar o lugar onde realizaron a asistencia nas mesmas condicións encontradas súa chegada, depositando o lixo e os materiais inservibles nos contedores ubicados no propio P.T.

12.6.14. Vehículos admitidos nun Parque de Tránsito

a) Soamente un ou dous vehículos de Asistencia, como máximo e a criterio da organización, por vehículo inscrito poden actuar en cada P.T. Estes vehículos deben estar claramente identificados por placas de “Asistencia” entregadas polo Organizador e colocadas nun lugar visible indo obrigatoriamente pegadas para poder acceder o P.T. Recomendase que as placas teñan os dorsais dos equipos participantes.

Se varios equipos comparten asistencia entregárase como máximo dúas placas a ese grupo de equipos.

b) Será de obrigatorio cumprimento, a identificación en todo momento do/s vehículo/s de asistencia, matrícula, responsable, etc. A notificación á organización será prevista na folia de inscrición, tendo como prazo límite o venres nas verificacións administrativas. No caso de non confirmar da totalidade do espazo necesario a organización exímese de responsabilidade, contando só co espazo necesario para un vehículo de asistencia por participante poderase negar a entrada a calquera coche que non este completamente identificado.

c) Durante o desenrolo da proba, non poderán entrar nin saír do P.T. estes vehículos, soamente poderán entrar e saír se o organizador preveu un aceso independente para as asistencias, ou no paro do mediodía. A entrada dun vehículo e asistencia no PT habendo saído con anterioridade, no transcurso da proba (agás no parón do mediodía), poderá levar consigo a non autorización da entrada de novo PT. da mesma maneira, tomarase nota de cada vehículo non inscrito que permaneza no PT

- Quedará completamente prohibida a entrada de calquera vehículo que non sexan os participantes dentro do tempo de parque de asistencia.

d) A F.G.A. terá dereito a un máximo de DOUS vehículos para actuar no P.T. sempre que este convocada alomenos unha Copa de promoción para dar servizo os equipos inscritos nestas copas.

Deberase prever un espazo de 10 x 10 metros para montar unha oficina de atención os equipos inscritos nas citadas Copas de promoción.

e) As dúas placas de Asistencia autorizadas serán gratuítas. As demais placas que solicite un Concursante, de acordo ca regulamentación antes citada, o Organizador poderá establecer un prezo máximo de 150 _uros por placa.

12.7.- Repostaxes (Refuelling). As repostaxes teranse que facer nos parques de traballo, e nas estacións de servizo, ubicadas no percorrido do rallye, e terán que estar indicadas no libro de ruta (Road Book).

12.7.1.No parque de traballo no momento do repostaxe deberase cumprir as seguintes condicións:

- Afastar os fumadores.
- Repostar o vehículo co motor parado.
- Se os membros do equipo están no interior do vehículo, deberán ter os cinturóns de seguridade desabrochados.
- Excepto nos vehículos que teñen prevista unha toma de presión para a repostaxe, este

deberá levarse a cabo por gravidade o bombas manuais, para o que recomendase a utilización de bidóns de repostaxe según normas FIA provistos de acoplamentos estancos y respiradeiros. En calquera caso, a capacidade dos bidóns de repostaxe queda limitada a 25 litros. Se o bidón está elevado por encima do chan, en ningún caso o nivel de reserva de carburante.

No bidón poderá estar a unha altura superior a 3 metros durante tódala operación.

12.7.2.Nas estacións de servizo, so está autorizado repostar directamente dos surtidores comerciais nas seguintes condicións:

- .- A única operación autorizada é o repostaxe de combustible.
- .- A repostaxe terase que realizar sen ningunha axuda exterior, agás dos empregados da propia estación de servizo.

12.8 Pneumáticos.

12.8.1. Os pneumáticos a empregar deben estar de acordo ca regulamentación F.G.A. para rallyes, estando autorizados os pneumáticos “slicks raiados” e os pneumáticos con “NO + PINCHAZOS”. Os vehículos de categoría GT autorízaseles a montaxe de pneumáticos raiados polo fabricante, ou polo distribuidor autorizado.

12.8.2. Están autorizados un máximo de 5 pneumáticos por vehículo entre Parques de Tránsito.

12.8.3. A saída dun P.T. marcaranse tódolos pneumáticos colocados no vehículo (incluso o de repostos). A chegada do próximo P.T., o vehículo deberá levar unicamente os pneumáticos marcados no P.T. anterior.

12.8.4. Para facilitar a marcaxe dos pneumáticos, deberase dispor un espazo acotado inmediatamente despois do C.H. de saída do parque de Traballo, ver croques explicativo de montaxe Nº1. Ca única finalidade de axudar o procedemento de marcaxe, un membro do equipo poderá ter acceso a este espazo. Para esta operación a Organización está obrigada a dar un suplemento de 5 minutos extra no sector de que se trate, e así mesmo indicalo no Itinerario Horario da proba.

12.8.5. O tallado dos pneumáticos esta autorizado exclusivamente nos P.T.

12.8.6. Os cambios de pneumáticos realizaranse unicamente nos P.T. fora dos mesmos, soamente os membros do equipo poderán realízalos cos medios de a bordo pero respectando sempre o disposto no apartado 12.8.2.

12.8.7. Entre o último parque de traballo e a chegada do rallye, non existindo treitos cronometrados entre ambos parques os pneumáticos a utilizar son libres (respectando o resto de normativa do presente artigo).

12.8.8. Está autorizado o uso de quentadores de pneumáticos, soamente dentro dos P.T.

12.8.9. Nas copas de promoción, o modelo e número total de pneumáticos a empregar será o que estipulen nos regulamentos particulares das mesmas, non podendo superar o número máximo establecido no presente artigo.

12.8.10. O procedemento da marcaxe das rodas:

- Marcaranse a llantas cas pegatinas en PVC troqueladas segundo normativa FIA
- Poderase marcar os pneumáticos con rotuladores de diferentes cores.
- Recomendase un mínimo de tres comisarios para realizar a marcaxe.

12.8.11. Se na saída dun P.T. se atopase un pneumático non conforme, este deberase substituír por outro. O pneumático non conforme considerárase nulo e quedara en poder dos Comisarios Técnicos. O tempo concedido para o Sector do que se trate, non poderá ser ampliado.

12.8.12. O control da marcaxe dos pneumáticos realizarase entre o Control Horario precedente o treito Cronometrado e a saída de dito Treito, ver croques explicativo de montaxe Nº2, tamén nos C.H. de entrada os P.T. poderase realizar unha comprobación da marcaxe.

12.8.13. Toda infracción concernente a normativa dos pneumáticos, comprobada polos Oficiais da proba, entrañará unha penalización, podendo chegar a exclusión da proba.

12.9. AMPLIACIÓN NORMATIVA: A Comisión Executiva da "Federación Galega Automobilismo" amplía o artigo 12, das prescricións comúns do anuario 2019 e vindeiros; obrigando a unir o parque pechado co parque de traballo, sendo este aberto durante toda a celebración do rallye, e así facilitarlles reparacións oportunas que necesiten tódolos equipos participantes o que redundará nunha maior finalización dos equipos nas probas.

A) Obrígase a unificar os parques pechados cos parques de traballo.

B) Os controis horarios, de chegada e de saída, estarán situados antes e despois do novo parque (traballo-pechado).

C) Os vehículos participantes serán custodiados polas súas asistencias correspondentes, nos lugares designados no parque pola organización (lugar e metros cadrados), así como polos comisarios de parque, debidamente licenciados, designados pola organización do rallye.

D) As asistencias comunicaráselle, en complementos ao efecto, as horas útiles de traballo e as horas de parque pechado nas que non se pode arranxar nin tocalo vehículo, so pena de **EXCLUSIÓN**.

E) A implantación conleva un "hospitality", barras complementarias de servizo, e escenario de concertos para música indie, rock, e acto da entrega de premios.

F) Os siareiros poderán andar polo novo parque, coas limitacións das lonas das asistencias, ca pertinente precaución e sen entorpecer o transcurso do rallye, e intercambiar opinións cos equipos participantes, solicitarlles sinaturas en fotografías que terá cada equipo, cos seus sponsors nas cartulinas cos equipos disporán ó efecto.

G) O xefe de parque e os comisarios velarán polo cumprimento estrito dos complementos, publicados polo colexio de Comisarios Deportivos, no eido dos tempos de asistencias permitidas e tempos Parque Pechado-Parque de Traballo.



ZONA DE MARCAXE



Preaviso
C.H.LL.



C.H.LL.
Entrada P.T.



Preaviso
C.H.S.



C.H.S.
Saída P.T.



Marcaxe de
Neumáticos



Fin de Zona
de Control



CONTROL DE MARCAXE



Preaviso
C.H.LL.



C.H.LL.
Treito Crono.



Preaviso
Control Marcaxe



Control
de Marcaxe



C.H.S.
Treito Crono.



Fin de Zona
de Control



ANEXO VIII

CARAVANA RALLYES

En tódolos Rallyes a celebrar en Galicia muda a Caravana de Vehículos Oficiais, quedando da seguinte maneira:

Xefe de Seguridade Treito: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo treito antes da hora de peche, para acomete-lo peche e certificar ó Xefe de Seguridade Vial a idoneidade e excelencia da seguridade e peche do treito.

Megafonía: Sairá ó treito, para informar ós espectadores, 60 minutos antes da saída do número 1.

Observador Federación: Sairá diante do Xefe de Seguridade Vial para comproba-lo peche e os medios do treito.

Xefe de Seguridade Vial: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo treito, despois de ser informado amplamente polo Xefe de Seguridade do treito, e comprobar que todo está en perfecto orden para o inicio do mesmo.

Director de Proba na estrada. Vehículo "0": Despois de ser informado polo Xefe de Seguridade Vial do Rallye dará a orden oportuna para que inicie a súa andadura polo treito o Xefe de Seguridade Vial, e de seguido sairá o mesmo para comprobalas medidas (Protección Civil, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Radio Aficionados, Bandeiras, Comisarios de Peche de beirarruas, Bombeiros, etc.), e o chegar ó final do treito e comprobalas medidas anteditas, vía radio ou teléfono, dará a orde oportuna para que o comisario de saída inicie a súa función.

Vehículos participantes: Acatarán as ordes do Comisario de Saída, e sairán cunha cadencia de 60 segundos a participar no treito.

Xefe de Seguridade Treito: Calquera incidencia ou accidente, ocorrido no transcurso do evento terá que consultar co Director de Proba, na oficina do rallye, para tomar as medidas que lle sexan ordenadas (evacuacións, excarceracións, desordenes públicos, etc.), e ó telas subsanadas solicitará autorización, ó Director da Proba na oficina, para continuar co desenvolto do treito.

Escoba na Estrada. Vehículo "00": Despois de finalizado o paso de tódolos participantes, transcorrido o tempo regulamentado, saíra ó treito e recollerá os Carnets de Ruta dos participantes retirados no mesmo, quedando aberto o treito a circulación dos afeccionados despois do seu paso.

Advertencia: Ningún vehículo de competición poderá exercer as funcións da caravana do rallye quedando terminantemente prohibido utilzalos, a partir da tempada 2010 inclusive, así como da inhabilitación das licencias de piloto e copiloto para actuar nos vehículos anteditos. Todo o persoal que traballe na caravana do rallye terá que ter licencia de oficial OA para facelo seu cometido.

Comisarios Deportivos/Comisarios Técnicos: En todos os rallyes os Presidentes dos Colexios de Comisarios Deportivos e Técnicos, terán que estar presididos coa cualificación, GA-OA1ª ou GA-OC1ª, obrigatoriamente.

Nova normativa Comisarios Técnicos: Despois de finalizala súa tarefa, o Colexio de Comisarios Técnicos reunirse, e a tenor do estudio das follas de cor amarelo, emitirse unha acta-informe que grapada coas follas, serán entregadas polo Presidente do Colexio de Comisarios Técnicos, debidamente fechada e con hora de entrega, ó Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos, con solicitude de sinatura-recibida entrega na copia.

1.- AMPLIACIÓN ARTIGO 7.- PENALIZACIÓN: 7.54.- Os adestramentos/recoñecementos en Rallyes e Montaña quedan limitados a un máximo de tres pasadas por treito so penalización de un minutos ou sanción económica ó comezo da proba. A exclusivo criterio dos Comisarios Deportivos. NOVA NORMATIVA DE APLICACIÓN INMEDIATA: A.- Redúcense os adestramentos/recoñecementos a tres pasadas para Rallyes e para Montaña.

B.- A primeira infracción será de engadir unha multa de 300 €uros ou cunha penalización de un minuto ó inicio da proba (Rallye/Montaña).

C.- A segunda infracción, do punto "B": non admitido a tomala saída no Rallye/Montaña (decisión inicial do Comité Organizador), e ratificada polo Colexio de Comisarios Deportivos.

D.- Por incorrer nunha infracción nos puntos "B" e "C", será obrigatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para apertura e incoación do expediente disciplinario no su caso.

E.- Si unha Escudería fai un treito cronometrado, Rallye ou Montaña na mesma tempada, non se poderá utiliza-lo treito por outra entidade organizadora.

F.- Só se poderá adestrar un día, por cada equipo participante, a escoller de entre tres días que designará ó Comité Organizador (Rallye/Montaña), e que será solicitado por fax polo participante ó Comité Organizador para que quede constancia, e así poder dividir 150 participantes nos tres días.

G.- A velocidade máxima nos treitos a recoñecer, de 80 km/n. reducida esta en función das limitacións/sinais que existan no treito.

H.- Pola Federación Galega de Automobilismo, notificarase ós Sub-Sectores da Garda Civil de Tráfico, para seguir un control rigoroso, e conforme ó Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenrolo do texto articulado da Lei sobre tráfico, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adopta-las medidas federativas que no seu caso procedan.

I.- Os organizadores designarán un Comisario/Controlador, que informará e fará parte dos incumprimentos ó Comité Organizador, con posterior traslado ós Comisarios Deportivos da proba.

J.- A Federación designará outro Comisario/Controlador, cos mesmos poderes e atribucións que o do punto anterior.

K.- Entregaranse unhas pegatinas transparentes e numeradas (de cor butano) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro, (lado dereito superior no sentido da marcha) dos vehículos que fagan os recoñecementos autorizados. A falla dela, transitando polo treito, implicará a descalificación a tódolos efectos (con perda dos dereitos de inscrición) para a súa participación na proba do equipo infractor.

ANEXO IX

OUVREUR

1.- Tódolos equipos que estean interesados en adquirir este privilexio terán que solicitalo por escrito á Comisión de Rallies, da Federación Galega de Automobilismo, incluíndo:

A.- Escrito, solicitude.

B.- Vehículo de serie a utilizar, matrícula, modelo, seguro, etc.

C.- Licenza de piloto, do conductor, expedida pola Federación Galega de Automobilismo.

D.- Licenza de copiloto, do acompañante, expedida pola Federación Galega de Automobilismo.

2.- Os vehículos dos “ouvreur” teranse que inscribir en cada proba, cumprimentando o boletín que lles facilite a organización, no que deberán de figurar obrigatoriamente os datos do conductor e do seu acompañante, os cales deberán estar en posesión da licenza en vigor de piloto e copiloto, ademais dos datos completos do vehículo a empregar nesta tarefa. Estes vehículos débense asegurar ó igual que os vehículos participantes de rallye.

3.- A inscrición por vehículo “ouvreur” ascende a 300 €.

4.- A inscrición terase que ingresar conxuntamente, coa do participante, ó organizador do rallye.

5.- Ningunha inscrición, de vehículo “ouvreur” será aceptada polo organizador sen incluía fotocopia - certificado de autorización da Secretaría da Federación Galega de Automobilismo.

6.- Cada “ouvreur” deberá pasar verificacións administrativas, o mesmo tempo que o seu vehículo participante.

7.- Os vehículos “ouvreur” portarán números iguais ós dos participantes, coa salvedade que en vez de números reflectantes serán letras do alfabeto correlativo, exemplo: A, B, C, D, E, F, G, H, etc. Que irán colocados nas portas dianteiras do vehículo, a maiores poderase entregar unha identificación para Colocar na marxe superior esquerdo do parabrisas co texto “OUVREUR A Nº”...

8.- As identificacións serán nominativas para cada concursante e intransferibles.

9.- A entrada dos vehículos “ouvreur” nos treitos cronometrados efectuarase, despois do paso do vehículo de megafonía e saíndo o 1º “ouvreur” 55 minutos antes da hora de saída teórica do primeiro participante .

10.-Os vehículos “ouvreur” circularán polo treito cronometrado ca debida precaución, tendo en conta que existe tráfico de outros vehículos da organización e espectadores que se despracen a pe.

11.-A súa velocidade, en consecuencia do anterior, será reducida e deberán circular en todo momento no sentido da marcha do Rallye e sen abandonar por ningún motivo o itinerario do mesmo.

12.- Se dentro do treito cronometrado son alcanzados por algún dos vehículos “0” da organización e si así se lles indica, deberán deterse inmediatamente, aparcar nun sitio seguro e non reanudar a súa marcha ata despois do paso do vehículo “00 - escoba” que abra de novo a circulación.

13.- No momento da retirada do equipo o que pertenza o “ouvreur”, a súa placa de “ouvreur” queda automaticamente anulada e por tanto no está autorizado a seguir circulando polos treitos cronometrados despois do peche dos mesmos.

14.- Calquera incumprimento esta normativa por parte dos conductores dos vehículos “ouvreur”, entrañará a retirada inmediata da súa identificación, ocasionando a exclusión na proba, do equipo correspondente.

ANEXO X
NORMAS DE RECOÑECIMIENTO TREITO C
BODEGAS MARQUES DE VIZHOJA

1. Os recoñecementos Oficiais efectuaranse os días **6, 7 e 11 de Xullo de 2019**, segundo o criterio que establecerá o Comité Organizador, mediante Comunicado que se entregará a tódolos participantes.
2. Os horarios para calquera de eses días para recoñecer, sera de 18:30 ata as 21:00
3. Se respataran as indicacións de calquer empregado da bodega.
4. A velocidade maxima permitida para o recoñecemento de este treito, será de 30Km/h
5. Estaran en vigencia, asi como os puntos anteriores, para o recoñecemento de este treito, o articulo 9 de este reglamento.

ANEXO XII

SISTEMA GPS NOS TREITOS E NOS ADESTRAMENTOS

Durante o transcurso da proba, os vehículos de competición levarán instalado un sistema GPS da empresa ANUBE ou TCR Datos Norte S.L, o cal será instalado nos vehículos de competición durante as Verificacións técnicas.

Este sistema GPS servirá de seguimento dos vehículos de competición, e servirá para Alertar a Organización os equipos de posibles incidencias ou bandeiras amarelas.

Tamén servirá para que os Equipos soliciten axuda de emerxencia pulsando o SOS

Repetindo o xa mencionado neste Regulamento: **OS DATOS QUE PROPORCIONA O GPS DE VELOCIDADE POSICIÓN ETC; SON LICITOS PARA PODER SANCIONAR AOS PARTICIPANTES. NON DEIXANDO LUGAR A RECLAMACIÓN.**

1.- Funcionamento:

- 1.1. O sistema deberá ter pulsador **SOS**.
- 1.2. O pulsador **SOS**, deberase usar **UNICAMENTE** en caso de **EMERXENCIA**.
- 1.3. Deberase manter pulsado -segundo indícase nas instrucións- no momento que o equipo participante sufra ou vexa algún accidente que precise de **axuda médica** ou se atope en **situación de risco** para a seguridade.
- 1.4. Ao apertar o pulsador, deberase activar automaticamente unha conexión por voz coa Dirección de Carreira.
- 1.5. En caso de ter que abandonar o vehículo con urxencia (por exemplo: incendio ou envorco) o GPS poderá ser extraído do vehículo e deberá poderse utilizar como un teléfono móbil.
- 1.6. Cando o Director de Carreira, ao seu exclusivo criterio, considere que a situación de emerxencia e risco finalizou, os GPS implicados serán desconectados e non transmitirán ningún sinal de alarma para non bloquear a canle a outros equipos.
- 1.7. O uso indebido do mesmo, ou a utilización para comunicar calquera outro motivo que non sexa **axuda médica ou situación de risco** para a seguridade, será comunicado inmediatamente aos Comisarios Deportivos.
- 1.8. A non utilización do sistema GPS por parte dun equipo, tras sufrir un accidente, rotura mecánica ou abandono da proba, será motivo de penalización por parte dos Comisarios Deportivos.

2.- Bandeira amarela electrónica:

- 2.1. Nesta Proba Puntuabre para o Campionato de Galicia de Rallyes de Asfalto, será obrigatorio o uso dos dispositivos de GPS utilizados- do sistema de bandeira amarela electrónica.
- 2.2. A pantalla que indique aos membros do equipo que se activou a bandeira amarela electrónica, deberá ser de leds de alta luminosidade. Poderá mostrarse a bandeira amarela electrónica por medio de pantalla a cor ou siglas de alta luminosidade. O provedor de servizos deberá entregar as instrucións de uso do código de bandeira amarela electrónica, xunto coas instrucións do dispositivo.
- 2.3. Unicamente poderase activar/desactivar a bandeira amarela electrónica dende Dirección de Carreira.
- 2.4. Unha vez sexa mostrada a bandeira amarela electrónica no dispositivo GPS, o equipo deberá pulsar o botón que, da conformidade á Dirección de Carreira, de que se verificou a mensaxe de activación da bandeira amarela electrónica. **Non pulsar o botón de conformidade** de que o equipo recibiu a bandeira amarela, **será motivo de penalización por parte dos Comisarios Deportivos**.
- 2.5. Unha vez mostrada a bandeira amarela electrónica, o equipo deberá cumprir o estipulado neste artigo do Regulamento particular:

Os Equipos aos que se mostre bandeira amarela tanto física como Electrónica, deberán reducir a súa velocidade de forma inmediata e seguir as instrucións dos Comisarios de Ruta e dos membros dos vehículos de seguridade cos que se atopen.

A velocidade máxima que poderá alcanzar un equipo ao que se lle mostrou bandeira amarela dentro do tramo cronometrado, non poderá exceder de 80 km/ h. O Director de Carreira, poderá facer uso do sistema GPS para verificar que se cumpre esta normativa.

Non respectar esta regra comportará unha penalización a criterio dos Comisarios Deportivos

3.-Entrega devolución do aparello GPS:

- 3.1. A entrega e devolución do dispositivo GPS realizarase no parque pechado o finalizar a proba, o persoal da Empresa ANUBE ou TCR Datos Norte S.L ou a un membro da organización designado a tal efecto.
- 3.2. En caso de abandono na proba por avaria ou accidente, o equipo e o responsable de entregar o GPS na oficina da proba (Dirección de Carreira) lugar estipulado dentro do regulamento particular da proba, deberase entregar a maior brevidade posible, e sempre antes da finalización da proba.
- 3.3. A empresa provedora comprobará a súa correcta instalación e funcionamento.
- 3.4. concursante que non devolva o dispositivo GPS, ou que devolvelo fágao en condicións defectuosas, será obxecto dunha multa de 1.000 euros. a pagar ao Organizador.

Este Será o sistema de Alertas en caso dunha incidencia.



SOS

+ Esc 3 seg.

Solicitud de atención médica inmediata o vehículo que impide totalmente el paso de otros participantes.



OK ?

Desde dirección de carrera se solicita confirmación del estado actual de los participantes.

Pulsar el botón verde para indicar que no se requiere atención médica y el vehículo no obstaculiza el paso de otros participantes.

+ Esc 3 seg. Solicitud de SOS.



Precaución

3 seg.

Vehículo parado.

Muy atento, a la mínima duda de peligro reduce la velocidad.



Bandera Amarilla (Yellow Flag)

Participante neutralizado.

Reduce la velocidad de forma inmediata a menos de 80 Km/h y sigue indicaciones de los Comisarios de Ruta. Prohibido adelantar.

Pulsar botón ESC para confirmar bandera electrónica.



Modelo Spica II

Las funciones del botón negro las realiza el botón verde.

=



Modelo Stella III

Las funciones del botón negro las realiza el botón verde, excepto el SOS:

SOS + 3 seg.